



Estimadas familias de 1º:

O curso rematou e chegou o momento do descanso e da diversión. Este ano, tan diferente, os vossos fillos e fillas traballaron un montón polo que agora tocan VACACIÓNS.

Pero como os días son moi longos e hai tempo para todo, deixámosvos unha serie de recomendacións:

- Ler todos os días un pouquiño (especialmente en galego) para que sigan mellorando a fluidez, velocidade lectora e entoación. Lembra de que un libro é un dos mellores agasallos que se pode facer.
- Facer algunha conta de sumar e restar. Unha maneira de traballar todo isto xunto sería facendo problemas (*Exemplos de caderniños: “Ya Calculo 2” o “Ya calculo 3” da Editorial Aljibe ou algún similar*). Tamén poden traballar a numeración, facer series, anterior-posterior (*Ex: “Ya cuento 3” de Aljibe*).
- Realizar nunha libreta de pauta pequenos ditados, frases e copias, especialmente con palabras que conteñan za, zo, zu, ce, ci/ca, co, cu, que, qui/ga, go, gu, gue, gui, güe, güi /r, rr e trabadas (bl, br, cl, cr, fr, fl...) xa que son nas que máis dificultades soen ter e facer algunha ficha de comprensión lectora. (Coidade que fagan boa letra, comecen con maiúsculas, punto final. )

- Aprender a través de diferentes xogos educativos: Baralla 1 de ortografía ideovisual da editorial Yalde, Intellect, Rummi, parchís, dominó, Tangram, xogos coa baralla española como a “escoba”... Son xogos que axudarán a aspectos como cálculo mental, memoria, número posterior e anterior, vocabulario...
- E por suposto, non esquecerse de... pasear, nadar, ir á praia, á piscina, cantar, bailar, rir, ver as estrelas, cociñar, recitar poemas, aprender trabalinguas, facer manualidades, experimentar, andar en bici...e facer que este sexa un VERÁN INESQUECIBLE.

Por último, aconsellamos que estean unhas semaniñas descansando e que, a mediados de xullo ou en agosto, empecen a ter unha rutina diaria de traballo dunha media hora, máis ou menos.

*Nota: Non é necesario mercar ningún caderniño nin ningún xogo; poñémolos soamente como referencia por si algunha familia quere traballar con eles.*

Agradecendo de antemán a vosa colaboración, recibide un cordial saúdo e... Felices vacacións de verán!!

Marieta e Silvia.